



ANPA NOVO ARTEIXO

NIF: G-70.257.373

Avda. de Arsenio Iglesias, nº 33 b

CEIP ARTEIXO

Correo electrónico: anpaceiparteixo@gmail.com

Tel.: 665 296 752

CP: 15.142 ARTEIXO (A Coruña)

Nº Rexistro de asociacións: 2010/014565-1

Normativa dos servizos prestados pola ANPA Novo Arteixo.

Esta normativa pretende regular o funcionamento dos servizos que presta a ANPA Novo Arteixo no CEIP de Arteixo, sen prexuízo do establecido na normativa estatal e autonómica vixente; concretamente a *Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*.

Capítulo 1: Os servizos prestados pola ANPA e as súas funcións

1º) Os servizos prestados pola ANPA Novo Arteixo son: *Madrugadores, Almorzo, Xantar, Ludoteca e Merenda*. Cada un destes servizos é independente e facturárase de forma individualizada. Cada un destes servizos pode ser contratado nas modalidades de *Mes completo, Medio mes e Días soltos*.

2º) Os servizos prestados pola ANPA cumpren unha tripla función: a) facilitar a conciliación da vida familiar e laboral; b) dar unha adecuada alimentación aos seus usuarios ; e c) contribuír á formación integral das nenas e nenos fomentando uns bos hábitos alimenticios, hixiénicos e de comportamento.

3º) Estes servizos son prestados pola ANPA para cubrir unhas necesidades sociais para as que as administracións públicas non prestan servizos. Os servizos prestados pola ANPA son xestionados por medio da contratación de empresas especializadas.

Capítulo 2: Calendario e horario dos servizos

4º) Prestaranse os servizos antes indicados todos os días lectivos no CEIP de Arteixo. Non se prestarán servizos os días que non sexan lectivos no colexio.

5º) Os horarios dos servizos serán os que seguen:

O servizo de *Madrugadores* prestarase de 7:00 h a 9:30 h. Os nenos e nenas poderán incorporarse en calquera momento ata as 9:00 h. A partir desta hora non se recollerá a ningún neno ou nena. Á partir 9:15 h os nenos e nenas serán acompañados por un monitor ás súas aulas.



ANPA NOVO ARTEIXO

NIF: G-70.257.373

Avda. de Arsenio Iglesias, nº 33 b

CEIP ARTEIXO

Correo electrónico: anpaceiparteixo@gmail.com

Tel.: 665 296 752

CP: 15.142 ARTEIXO (A Coruña)

Nº Rexistro de asociacións: 2010/014565-1

O servizo de *Almorzo* servirase desde as 8:00 h ata as 8:30 h. En consecuencia, non se servirá o Almorzo a ningún neno ou nena que se incorpore despois das 8:30 h.

O servizo de *Xantar* realizarase desde as 14:30 h ás 16:00 h. O horario de recollida dos nenos será de 15:45 h a 16:00 h.

O servizo de *Ludoteca* prestarase desde as 16:00 h ata as 18:00 h. Os nenos e nenas poderán ser recollidos en calquera momento. Igualmente se poderán incorporar ás 17 h ao servizo de Ludoteca os nenos e nenas que saian dunha actividade extraescolar, sempre e cando esta circunstancia fose comunicada previamente á Xunta Directiva da ANPA.

O servizo de *Merenda* prestarase desde as 18:00 h ata as 19:30 h. Os nenos e nenas poderán ser recollidos en calquera momento.

Capítulo 3: Da recollida das nenas e nenos

6º) Os nenos e nenas só poderán ser recollidos polo pai, nai, titor ou titora. No suposto de que isto non fose posible é preciso que se faga chegar á cordinadora dos servizos unha autorización asinada pola nai, pai, titor ou titora na que figure o seu nome e apelidos e número de DNI; e no que se indique o nome, apelidos e número de DNI da persoa á que se lle autoriza a recoller ao menor, e os días para o que se fai a autorización. A ANPA terá a disposición dos usuarios un Formulario de autorización para a recollida das nenas e nenos.

Capítulo 4: Do material a levar

7º) Todos os nenos e nenas teñen que achegar unha foto tamaño carné.

8º) Todos os nenos e nenas teñen que ter un neceser, co seu nome escrito nun sitio visible, con cepillo e pasta de dentes.

9º) Os nenos e nenas de Educación Infantil teñen que traer unha muda para cambiarse e un paquete de toallíñas de mans. Optativamente tamén poderán traer un mandilón para xantar.



ANPA NOVO ARTEIXO

NIF: G-70.257.373

Avda. de Arsenio Iglesias, nº 33 b

CEIP ARTEIXO

Correo electrónico: anpaceiparteixo@gmail.com

Tel.: 665 296 752

CP: 15.142 ARTEIXO (A Coruña)

Nº Rexistro de asociacións: 2010/014565-1

Capítulo 5: Das condicións económicas dos servizos

10º) Para acceder aos servizos será preciso o pagamento de:

- a) Cota de socio (unha por unidade familiar)
- b) O seguro polos servizos que presta a ANPA (un por neno/a)
- c) O depósito dunha fianza (unha por neno/a). A fianza ten por finalidade se asegurar o cobro dos servizos que se presten. A fianza será devolta pasados dous meses, logo de se solicitar por escrito, cando se deixe de ser usuario dos servizos e se estea ao corrente dos pagos.

11º) O pagamento dos servizos prestados farase por domiciliación bancaria. Os recibos serán xirados a partir da segunda semana do mes seguinte ao que se prestasen os servizos.

12º) No suposto de que se conceda á ANPA algunha subvención para calquera dos servizos prestados por ela, o importe ingresado será repartido posteriormente entre os usuarios dos servizos en proporción ás cotas por eles pagadas.

13º) Os importes da cota de socio, seguro escolar, da fianza e de cada un dos servizos e modalidades será fixado cada curso polo Xunta Directiva da ANPA ou, no seu caso, pola Asemblea Xeral. A táboa de prezos de cada un dos servizos recollerá claramente os criterios para a facturación, de xeito que todos os usuarios e usuarias sexan tratados por igual.

14º) O non pagamento de dúas mensualidades dos servizos significará o cesamento na prestación destes. En ningún caso será admitido de novo a ningún servizo aquel alumno ou alumna que manteña débedas anteriormente contraídas coa ANPA.

Capítulo 6: Da coordinación coas actividades académicas e extraescolares:

15º) Tras os servizos de Almorzo e Madrugadores todos os nenos e nenas de Educación Infantil e 1º de Primaria serán levados ás súas correspondentes filas polos monitores.



ANPA NOVO ARTEIXO

NIF: G-70.257.373

Avda. de Arsenio Iglesias, nº 33 b

CEIP ARTEIXO

Correo electrónico: anpaceiparteixo@gmail.com

Tel.: 665 296 752

CP: 15.142 ARTEIXO (A Coruña)

Nº Rexistro de asociacións: 2010/014565-1

16º) Á hora do xantar, @s nen@s de Educación Infantil e 1º de Primaria serán recollidos polo monitorado para levalos ao comedor.

17º) Logo do xantar os nenos e nenas serán recollidos polos monitores das diferentes actividades. Igualmente, cando rematan as actividades serán de novo recollidos se van permanecer nos servizos de Ludoteca e Merenda.

Capítulo 7: Da comunicación de asistencia aos servizos de xantar e merenda.

18º) Os usuarios dos servizos de xantar e merenda, nas súas modalidades de *Días soltos e Medio mes* deberán comunicar por escrito á coordinadora do comedor a súa asistencia cunha antelación mínima de 48 horas. A ANPA terá a disposición dos usuarios un Formulario para dita comunicación.

Capítulo 8: Das baixas nos servizos

19º) As baixas nos servizos deben ser comunicadas por escrito cunha antelación mínima de 5 días. A ANPA terá a disposición dos usuarios un Formulario de baixa nos servizos.

Capítulo 9: Do servizo de Xantar e dos menús

20º) O menú será único para todos os usuarios do servizo de comedor excepto nos casos de alumnos e alumnas que teñan que recibir dietas especiais medicamente documentadas.

21º) A empresa contratada para o servizo de Xantar comunicará o último día de cada mes o menú do mes seguinte, que será publicado nos taboleiros da ANPA e na páxina web desta.

22º) A empresa contratada debe asegurar que os menús sexan elaborados por nutricionistas e aseguren unha dieta suficiente e equilibrada.

23º) Como sistema de control de calidade, un día á semana un pai ou nai xantará no comedor. Os pais ou nais que o desexen só teñen que poñerse en contacto coa Xunta Directiva da ANPA que lles indicará o día en que poden ir comer. É



ANPA NOVO ARTEIXO

NIF: G-70.257.373

Avda. de Arsenio Iglesias, nº 33 b

CEIP ARTEIXO

Correo electrónico: anpaceiparteixo@gmail.com

Tel.: 665 296 752

CP: 15.142 ARTEIXO (A Coruña)

Nº Rexistro de asociacións: 2010/014565-1

aconsellable que o pai ou nai que xante no comedor escolar faga un breve informe, de palabra ou escrito, sobre como apreciou o servizo.

Capítulo 10: Do comportamento dos alumnos/as

24º) Existen unhas normas mínimas de convivencia e educación que os nenos e nenas deben respectar. En caso de incumprimento reiterado das normas, a Xunta Directiva da ANPA, establecerá as sancións que se indican no seguinte capítulo.

25º) Antes do Xantar e a Merenda os alumnos e alumnas deberán lavarse as mans.

26º) Logo do Xantar os alumnos e alumnas deberán lavarse os dentes.

Capítulo 11: Das faltas e das sancións

27º) A Xunta Directiva coa colaboración dos monitores e dos proxenitores, e de ser necesario solicitando a mediación do persoal docente e dos seus recursos pedagóxicos, intentará resolver as condutas inaxeitadas d@s nen@s (que xurdan cando se utilice calquera dos servizos da ANPA) antes de aplicar as sancións por faltas graves e moi graves recollidas neste capítulo. Polo tanto é moi importante a colaboración das familias, monitorado e persoal docente.

28º) Faltas leves e sancións:

a) Son faltas leves:

- Desobedecer as indicacións do persoal dos servizos
- Non lavarse as mans, a pesar de ser advertidos desta obriga
- Entrar ou saír do comedor desordenadamente
- Cambiarse de sitio na mesma mesa
- Non comer con corrección ou non facer uso adecuado dos utensilios (pratos, cubertos, servilletas, etc).

b) Sancións cando se cometan algunha das faltas leves:



ANPA NOVO ARTEIXO

NIF: G-70.257.373

Avda. de Arsenio Iglesias, nº 33 b

CEIP ARTEIXO

Correo electrónico: anpaceiparteixo@gmail.com

Tel.: 665 296 752

CP: 15.142 ARTEIXO (A Coruña)

Nº Rexistro de asociacións: 2010/014565-1

- Amoestación verbal ao nen@. En caso de reiteración, comunicación aos pais.
- Separación temporal do grupo da súa mesa de comedor e integración noutra.
- Perda do dereito a participar en xogos ou actividades de lecer.
- Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida (redaccións sobre a falta cometida, escribir normas de comportamento, axudar a recoller ou calquera outra actividade que contribúa ao bo desenvolvemento dos servizos que presta a ANPA).

c) Estas sancións poderán ser impostas polo monitorado.

29º) Faltas graves e sancións:

a) Son faltas graves:

- A acumulación de tres faltas leves
- Desobedecer gravemente as indicacións dos monitores.
- Cambiarse de sitio a outra mesa ou cambiarse de lugar no período de lecer.
- Saír do comedor sen permiso.
- Entrar na cociña.
- Deteriorar intencionadamente ou por mal uso o material propio de calquera dos servizos que presta a ANPA.
- Tirar intencionadamente a comida, a auga ao chan ou a outros compañeiros.
- Pelexas sen feridas
- Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas (ameazas, insultos, burlas, bromas pesadas, discriminacións, empurróns, pelexas, etc).



ANPA NOVO ARTEIXO

NIF: G-70.257.373

Avda. de Arsenio Iglesias, nº 33 b

CEIP ARTEIXO

Correo electrónico: anpaceiparteixo@gmail.com

Tel.: 665 296 752

CP: 15.142 ARTEIXO (A Coruña)

Nº Rexistro de asociacións: 2010/014565-1

b) Sancións cando se cometa algunha das faltas graves:

- Calquera das contempladas para as faltas leves e ademais:
- Amoestación por escrito ao nen@. Comunicación ás nais/pais.
- Separación permanente do grupo de referencia ou da súa mesa de comedor.
- Comer illado dos compañeiros ata 5 días.
- Expulsión temporal de calquera dos servizos ata 3 días.

c) Estas sancións poderán ser impostas polo monitorado agás a sanción de expulsión temporal de calquera dos servizos que será imposta pola xunta directiva.

3º) Faltas moi graves e sancións:

a) Son faltas moi graves:

- Acumulación de tres faltas graves.
- Saír do centro sen permiso durante o horario de calquera dos servizos.
- Pelexas con feridas.
- Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.

b) Sancións cando se cometan algunha das faltas moi graves:

- Calquera das contempladas para as faltas graves. Ademais:
- Expulsión temporal de calquera dos servizos de tres días a un mes.
- Expulsión definitiva do calquera dos servizos.

c) Estas sancións poderán ser impostas polo xunta directiva, agás no caso da expulsión definitiva de calquera dos servizos, na que se solicitará a intervención do Consello Escolar do centro a proposta da ANPA.



ANPA NOVO ARTEIXO

NIF: G-70.257.373

Avda. de Arsenio Iglesias, nº 33 b

CEIP ARTEIXO

Correo electrónico: anpaceiparteixo@gmail.com

Tel.: 665 296 752

CP: 15.142 ARTEIXO (A Coruña)

Nº Rexistro de asociacións: 2010/014565-1

Capítulo 12: Da comunicación para a solución de problemas e mellora dos servizos

31º) A ANPA somos [tod@s](#). [Tod@s](#) podemos contribuír ao bo funcionamento dos servizos, informando dos problemas e propoñendo solucións. Para isto establécense as seguintes canles de comunicación:

- a) Os monitores/as e o/a coordinador/a estarán dispoñibles, dentro dos horarios de entrega e recollida, para lles preguntar sobre os fillos/as, ou para calquera dúbida ou queixa.
- b) Xunta Directiva da ANPA terá como horario de atención aos pais e nais todos os luns de 16:00 h a 18:00 h. Poderase concertar telefonicamente outra hora de atención.
- c) Os pais e nais poderán poñerse en contacto coa Xunta Directiva por medio do teléfono, correo electrónico e por escrito ordinario.